



Estimadas familias,

Dada a situación actual de confinamento e as instrucións relativas ó desenvolvemento do terceiro trimestre emitidas ata a data polas autoridades educativas, informámoslles que a avaliación do curso terá un carácter global e centraranse en aprendizaxes e competencias clave identificados polos departamentos.

Durante este terceiro trimestre o profesorado planificará tarefas de recuperación, reforzo e ampliación de contidos anteriores, que serán tidas en consideración a efectos formativos e de diagnóstico do nivel de coñecementos e aproveitamento do alumnado, con vistas á elaboración de plans de reforzo e programar o vindeiro curso. A efectos de cualificación, ditas tarefas só serán consideradas de forma positiva, en beneficio do alumnado.

Así mesmo, o profesorado establecerá actividades de recuperación para o alumnado con avaliacións pendentes a fin de darlle a oportunidade de mellorar a cualificación. No mesmo sentido, os departamentos establecerán sistemas de avaliación para que o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores poida recuperalas. En ambo-los dous casos o sistema establecido adaptárase ás posibilidades permitidas pola actual situación de confinamento e a súa evolución, seguindo sempre as indicacións da Administración e das autoridades sanitarias.

No referente a 2º de bacharelato, aínda non se ten coñecemento certo das datas finais de avaliación nin de se habrá oportunidade de reincorporarse á aulas ou, en caso de facelo, en que condicións terá lugar. Tampouco se sabe a día de hoxe se será posible programar algunha actividade presencial de recuperación ou avaliación.

En calquera caso, dende o centro queremos transmitirles a vontade de todos os membros da comunidade educativa de traballar para evitar que esta situación supoña un menoscabo das oportunidades formativas do alumnado e se poida ver prexudicado nas súas opcións. E recordarlles que é importante que o alumnado teña unhas rutinas de traballo na casa e que manteña un contacto frecuente coas persoa responsable da titoría e o profesorado.

Así mesmo, poñémonos á súa disposición para, tanto dende a Titoría, como o Equipo Docente, Orientación e Equipo Directivo, resolver calquera tipo de cuestión relacionada coa formación e orientación dos seus fillos e fillas, así como cuestión técnicas relativas ó seguimento telemático das actividade lectiva e o desenvolvemento das tarefas.

Atentamente,

Dirección